

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE BALTAR PARA A RECUPERACIÓN DO FOXO DOS LOBOS DE TOSENDE

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

Reunidos

Por unha parte, D^a. María Nava Castro Domínguez, directora da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 120/2020, do 10 de setembro (DOG núm. 185, do 11 de setembro), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Pola outra, D. José Antonio Feijóo Alonso, alcalde do **Concello de Baltar**, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases do réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios



de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a *"información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local"*.

Segundo.- Que o artigo 148.1.18ª da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, programa 761A.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e



colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover o turismo no concello, as partes consideran esencial colaborar na realización deste convenio, xa que se trata dunha acción de interese común. Todo isto, englóbase ademais no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia, no seu programa 761A.

Terceiro.- Que o Concello de Baltar no seu propósito de fomentar as actividades turísticas e culturais, como un importante sector de desenvolvemento nas zonas rurais, está a promover todos aqueles aspectos e actuacións que faciliten o acceso de todos os veciños e visitantes a aquelas zonas que pola súa importancia turística merecen ser visitadas. Neste senso o concello pretende realizar as obras necesarias para a recuperación do foxo dos lobos situado na parroquia de Tosende, dentro do concello de Baltar.

Os foxos dos lobos son construcións tradicionais que foron ideadas polas xentes do medio rural para a caza do lobo, un animal que atacaba ós seus rabaños. Existen varios tipos de foxos dos lobos, sendo o máis común o de converxencia, que consta de dous muros en forma de funil que na súa parte máis estreita ten un pozo ou foxo de gran altura para que o animal non puidera saír. Os veciños organizábanse en grupos para asustar ó lobo facendo ruído e dirixilo de ese modo ó foxo onde caía e era sacrificado.

Os muros teñen altura suficiente para impedir o paso dos lobos, e podían ser de pedra ou madeira, a veces de cachotería e outras de lousas fincadas. Adoitaban ter unha lonxitude total de varios centos de metros.

Os foxos dos lobos teñen a súa orixe na Idade Media e teñen uso ata as primeiras décadas do século XX. Situábanse no paso natural do lobo cortando camiños por el utilizados. Na súa construción e mantemento participaba toda a aldea ou parroquia



e mesmo parroquias próximas. Carros con xugadas carretaban as pedras para a construción dos muros, e na súa colocación participaban os máis expertos.

Xa en tempos do arcebispo Xelmírez era obrigado ir as batidas do lobo todo o mundo, incluído clero e nobres con multa ó que non fora (ovellas, cabras, ou outros bens). O inimigo era o lobo.

Logo facíase un xuízo público o animal capturado e sempre era condenado a morte. A sentenza levábase a cabo de forma cruel, cosíaselle a boca ó lobo e enfrontábase ós cans ou outras cousas así dependendo do mal que fixera o lobo e para desafogo da poboación.

Cuarto.- O foxo de Tosende atópase no monte de Pena Loba – O Cebreiro, monte que separa a Limia do Val do Salas. Para a construción dos dous muros utilizouse cachotería irregular en seco e tivéronse en conta afloramentos rochosos existentes. Os muros tiñan unha altura de dous metros e cun grosor de aproximadamente un metro coroadas con lousas planas chamadas capeas que sobresaían cara dentro dificultando o intento de fuga do lobo.

Existía un forte desnivel entre os puntos iniciais dos dous muros e o punto de converxencia onde se atopaba o foxo, o que lle da unha forte pendente lonxitudinal ós muros, ladeira abaixo. O foxo ten un diámetro de en torno a 6 metros e semella que na parte baixa tiña unha porta a ras de chan para retirar os animais atrapados, aínda que hoxe non se pode confirmar a existencia a devandita porta. As batidas dos lobos tiñan lugar cando se detectaba a presenza de moitos lobos, e para a súa celebración eran convocados veciños de toda a contorna, incluso participaban veciños das parroquias da chaira Limiá. O sinal para comezar a batida das aldeas máis afastadas era mediante fogueiras colocadas estratexicamente nos outeiros das montañas máis altas. Outro sinal para delimitar a boca do foxo por onde encamiñar ó lobo era un pau moi alto con trapos no Outeiro do Cebreiro (coñecido como Penedo Bandeira). Os veciños colocados estratexicamente e provistos de todo tipo de



aparells ruidosos ían dirixindo ós lobos cara o boqueiro do foxo. Os animais, escapando da xente e dos cans encamiñábanse monte abaixo cara o burato e ó non ter volta atrás precipitábanse no pozo agochado con uces, fentos e xestas. Xa no foxo eran rematados a base de pedras e aguilloadas. Rematada a batida celebrábase unha gran festa entre tódolos veciños con bailes e comida.

O Foxo dos Lobos de Tosende, na parte situada dentro do concello de Baltar, atópase dentro do Monte Veciñal desta parroquia, situado ó noroeste do concello de Baltar. Está composto polo foso propiamente dito e dous muros que rematan nel. O muro suroeste ten unha lonxitude aproximada de 760 metros e atópase integramente dentro do concello de Baltar, mentes que o muro nordeste ten unha lonxitude aproximada de 690 metros, dos cales 540 metros están dentro do concello de Baltar e os 150 metros restantes xa están no Concello dos Blancos. O camiño central de acceso está integramente no Concello de Baltar.

Por causa dos anos que leva abandonado e sen actuarse sobre el, nestes momentos o Foxo dos Lobos de Tosende está moi deteriorado e por iso preténdese iniciar a súa recuperación como un elemento importante dentro da historia dos concellos de Baltar e Os Blancos.

Quinto.- A parcela na que se sitúa o Foxo dos Lobos de Tosende está situada ó noroeste do concello de Baltar, xa lindando co concello dos Blancos.

Na parcela sitúanse os dous muros (un ó nordeste e outro ó suroeste) que conforman o foxo e que rematan no punto en que se atopa o foxo propiamente dito. Os muros teñen unha lonxitude superior ós 650 metros cada un deles, e son paredes de pedra colocada en seco, de uns dous metros de altura e un metro de anchura, aproximadamente.

Os muros conflúen no foxo central, un burato de planta circular, duns seis metros de diámetro e profundidade nestes momentos descoñecida.



Ó foxo accedese por un camiño polo medio dos dous muros e que remata no foxo central. Este camiño ten unha lonxitude duns 870 metros dende o lugar en que se pode acceder con vehículos.

Os muros de pedra atópanse case desaparecidos nunhas zonas e bastante ben conservados noutras, mentres que o foxo, do que na actualidade nada máis que se intúen o remate superior dos muros, está totalmente cuberto por maleza, terra e pedras.

Coas actuacións aquí proxectadas, preténdense levar a cabo as seguintes accións a realizar nunha primeira fase:

- En primeiro lugar, a limpeza do foxo, así como a consolidación e reconstrución do seu peche de pedra, se é necesario. Retirarase toda a terra, pedras, biomasa e demais restos que hoxe tapan o foxo.
- En segundo lugar, o acondicionamento do camiño de acceso para permitir a súa visita. Para o cal procederase á apertura da caixa do camiño e á colocación dun firme de saburra natural compactada. Será un camiño de dous metros de anchura total e un espesor de saburra de 15 cm.
- Tamén se pretende realizar unha drenaxe ou desvío da auga que baixa polo medio dos dous muros, polo camiño de acceso, e que, co paso do tempo acaba tapando dos arrastres de terra e pedras o foxo.
- En último lugar, a limpeza e reconstrución dos primeiros tramos dos dous muros laterais.

Sexto.- Que este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.



Concorren así razóns de interese público que xustifican ou outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrència pública, ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao ser o concello beneficiario á única entidade que pode desenvolver a actuación subvencionada.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Baltar para a recuperación do Foxo dos Lobos de Tosende.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 30.000,00 € (IVE incluído), co seguinte desagregamento:

- Actuacións previas.....	11.053,42 €
- Cantería.....	2.505,86 €
- Firmes	6.037,50 €
- Drenaxe.....	801,30 €
- Seguridade e saúde.....	436,70 €
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL.....	20.834,78€
13% Gastos xerais.....	2.708,52 €



6% Beneficio industrial 1.250,09 €

PRESUPOSTO TOTAL SEN IVE.....24.793,39 €

21% IVE5.206,61 €

TOTAL PRESUPOSTO XERAL.....30.000,00 €

A Axencia Turismo de Galicia realizará unha achega por importe máximo de 30.000,00 € (100%) con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.760.0, proxecto 2016 00002, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Terceira. - Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen **a partir do 1 de xaneiro de 2022**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Cuarta.- Compromiso das partes

1. O Concello, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.



- Incluir en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a marca do Xacobeo 2021-22, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 104/2021, do 24 de xuño, polo que se aproba a actualización do Manual de identidade gráfica Xacobeo 2021-22 (DOG núm. 132, do 13 de xullo de 2021).
- Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia de acordo co previsto no parágrafo anterior.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no



artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

- Manter, de ser o caso, a propiedade sobre os investimentos subvencionados, e a vinculación destes á actividade económica que motivou a axuda, durante un período mínimo de 5 anos.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.



Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer o Concello para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.



En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Xustificación de fondos e pagamento

1. O Concello, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, estará obrigado a xustificar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha **conta xustificativa** integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a **certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida**.

2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o concello deberá presentar:



a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, deberá achegarse polo Concello:

- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha



declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e do Xacobeo 2021-22.

- Reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comezo da obra e o resultado final unha vez executada, así como a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula cuarta.

- Indicación do número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

3. De conformidade co artigo 12.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regula especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a contratación das obras ou equipamentos será realizada polo concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos se puidera derivar.

4. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

5. A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

6. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o **1 de decembro de 2022**.



A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ao abeiro do disposto no artigo 3 do Decreto 193/2011: *"1. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.*

2. Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención".



Novena .- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100%, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e no artigo 63.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Coa solicitude de anticipo, o concello terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello queda exonerado da constitución de garantía.

Décima.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.



Décimo primeira.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo concello e por un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo segunda.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, o Concello beneficiario da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:



a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.

b) Orzamento ou proxecto modificado.

c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

Décimo terceira.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo cuarta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de



outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo quinta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.



Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo sexta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo sétima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Décimo oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa



Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento no lugar arriba indicado.

Pola Axencia Turismo de Galicia
A directora

Polo Concello de Baltar
O alcalde

M^a Nava Castro Domínguez

José Antonio Feijóo Alonso

